

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE SOUTOMAIOR**

*ANUNCIO para cubrir unha praza de director/a psicólogo/a do Centro de Información á Muller (CIM).*

Acordo da Xunta de Goberno Local, do 23 de xaneiro de 2019, de aprobación de bases e convocatoria para cubrir unha praza vacante do Centro de Información á Muller (CIM).

No *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra num. 23, do 4 de febreiro de 2020, aparecen integramente publicadas as bases do proceso selectivo, no marco do proceso de estabilización de emprego temporal, para cubrir a vacante (1) de director/a-psicólogo/a do Centro de Información á Muller (CIM) de Soutomaior, persoal funcionario, mediante o sistema de concurso-oposición.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial del Estado* (BOE).

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra. Así mesmo, publicaranse na sede electrónica deste concello [<http://soutomaior.sedelectronica.es>].

Soutomaior, 4 de febreiro de 2020

Agustín Reguera Ocampo  
Alcalde

